

ANUNCIO

Tendo en conta que por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 3 de abril de 2009, prestouse aprobación das bases e os modelos de solicitude que rexerán nos procedementos de concorrencia competitiva seguintes:

- Para a concesión de subvencións destinadas a gastos correntes de promoción deportiva realizados por concellos da provincia de Lugo (anualidade 2009) dirixidas para o desenvolvemento de eventos deportivos de carácter puntual e para actividades deportivas de carácter permanente.
- Para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións deportivas e para equipamentos deportivos realizados por concellos da provincia de Lugo (anualidade 2009) dirixidas a investimentos que afecten directamente á práctica deportiva e para investimentos a desenvolver con motivo de danos causados polo temporal nas instalacións deportivas municipais.
- Para a concesión de subvencións destinadas a gastos correntes das actividades culturais realizadas por concellos da provincia de Lugo (anualidade 2009) dirixidas para o desenvolvemento de actividades culturais de carácter anual e para eventos culturais de carácter puntual.
- Para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por concellos da provincia de Lugo (anualidade 2009) dirixidas a investimentos que afecten directamente ao desenvolvemento da promoción cultural e para investimentos a realizar con motivo de danos causados polo temporal nas instalacións culturais municipais.

e cuxos textos foron publicados integramente no BOP nº 084, de 15 de abril de 2009.

Tendo en conta o establecido na base 24ª de execución do Orzamento Xeral en canto ao órgano competente para subscribir a convocatoria dos procedementos de concorrencia competitiva, e na base 7ª das normas específicas reguladoras destes procedementos e de acordo coa base 11ª das devanditas normas, establécese o prazo de 30 días naturais a partir da publicación desta convocatoria no boletín oficial da provincia de Lugo para a presentación de solicitudes por parte dos interesados en concursar nestes procedementos. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo a área tramitadora dos expedientes a Área de Cultura e Deporte (Vicepresidencia Primeira).

O que se fai público para coñecemento e para os oportunos efectos

Lugo, quince de abril de dous mil nove. - O Presidente, José Ramón Gómez Besteiro. O Secretario, Faustino Martínez Fernández.